

Combarro



Concello de Poio

OFICINA DE TURISMO CASAL DE FERREIRÓS

Avda. Andurique, nº 43
 36163- San Salvador de Poio
 T: 986 83 32 04 F: 986 87 17 50
www.concellodepoio.es
turismo@concellodepoio.es



Deputación
Pontevedra



Rías Baixas
Turismo



Combarro

historia y tradición **POIO**
Municipio de Interés Turístico



Combarro constitúe un singular agrupamento urbano, declarado en 1972 "conxunto de interese artístico e pintoresco" por mor da súa harmonía e encanto. Trátase, sen dúbida ningunha, dunha das expresións máis xenuínas da arquitectura popular galega.

O seu nome está relacionado coa raíz comb-, que significa fondal, val ou, sobre todo, flexión da costa, pois o núcleo tradicional se sitúa sobre unha base granítica con forma de media lúa, apandada nos extremos polas praias de Padrón e a hoxe desaparecida praia da Chousa.





Arquitectura

Con respecto á arquitectura de Combarro, o viaxeiro ha de ter en conta algúns aspectos. Primeiro, a adaptación da vila ao medio natural, optimizando os recursos. As casas do conxunto histórico levantáronse sobre o litoral granítico; detrás quedaban, sen edificacións, as terras cultivables, que aínda conservan na toponimia esa significación agraria: son O Campo, As Veigas e A Chousa (terra de labranza próxima á casa).

En segundo lugar, o visitante ha de advertir a disposición das vivendas arredor dun grande eixo lonxitudinal (a rúa de San Roque, nun treito; a Rúa -a rúa por excelencia- sen máis, no outro); deste eixo saen varias ruelas que descenden ao mar. Repare en que o mar é quen ordena a vida da vila. Tamén observará como as casas están dispostas en dúas cotas ou niveis, e que alí onde mellor se conservan as tipoloxías tradicionais, unhas exceden a outras, de xeito que todas maximizan a visión sobre a ría.

Igrexa Parroquial de San Roque

Sitúase no centro da vila. Ten unha soa nave, típico na arquitectura relixiosa das vilas mariñeiras. O seu retablo, síntese de barroco tardío con elementos neoclásicos, ten labrado na súa parte central un escudo da Coroa de Castela. Isto débese á vinculación de Combarro co mosteiro de Poio: ao carácter beneditino dos seus monxes e a que estes estaban ligados, en Galicia, á Congregación de Castela, con sede en Valladolid.



Hórreo

O hórreo é unha construción adxectiva porque complementa as dependencias da vivenda. É onde se gardan produtos do campo, fundamentalmente millo, o cereal máis importante da zona desde o século XVIII. Os últimos hórreos son do século XX, os máis suntuosos e refinados son do século XVIII e principios do XIX.

Por certo, hai máis de sesenta, na súa maioría na beira do mar. Este litoral orlado co seu muro costeiro, os seus hórreos e as pequenas eiras onde aqueles se levantan, constitúe a imaxe máis identificativa de Combarro.

Cruceiros

Tamén do século XVIII e principios do XIX son os cruceiros. A cruz de pedra cristianiza e, en Galicia, enténdese que protexe. A antropoloxía fálanos dun culto precristián aos deuses protectores dos camiños e encrucilladas. Esa protección aludida podería explicar que dos sete cruceiros que se erguen no núcleo de Combarro, tres nos mostren no reverso da cruz unha imaxe da virxe do Socorro, que en actitude violenta pisa e castiga a representación do mal.

Outra das singularidades dalgúns dos cruceiros de Combarro é a mesa de pedra existente diante deles. Trátase dunha mesa-altar que as veciñas engalanan con grande esmero todos os anos para a procesión do Corpus, unha das festas mais xenuínas de Combarro.